

**ASCOMYCETES RECOLLIDOS NO CAMPUS UNIVERSITARIO  
DE VIGO (PONTEVEDRA)**

por  
G. PÉREZ-TORRÓN<sup>1</sup> & M.L. CASTRO<sup>2</sup>

PÉREZ-TORRÓN, G. & CASTRO, M.L. 2018. *Ascomycetes* recollidos no Campus Universitario de Vigo (Pontevedra). *Mykes* 21: 51-69.

**Resumo**

Neste artigo cítanse 18 taxons de ascomicetos recollidos nas inmediacións do Campus Universitario de Vigo (Pontevedra). Trátase dunha contribución ao catálogo macromicolóxico deste campus universitario. Destaca *Helvella cupuliformis* como novidade corolóxica para Galicia.

**Palabras clave:** Ascomicetos, micobiota, Galicia, noroeste ibérico.

PÉREZ-TORRÓN, G. & CASTRO, M.L. 2018. *Ascomycetes* collected in University Campus of Vigo (Pontevedra). *Mykes* 21: 51-69.

**Summary**

This paper lists 18 taxa of ascomycetes which were collected in the University Campus of Vigo as a contribution to the macromycological catalogue of this university campus. New chorological data are also reported about *Helvella cupuliformis*.

**Keywords:** *Ascomycetes*, micobiota, Galicia, NW Iberian Peninsula.

**INTRODUCCIÓN**

Na parte sur da conca alta do río Zamáns sitúase o Campus Universitario Lagoas-Marcosende da Universidade de Vigo (CUVI), ocupando unha extensión aproximada de 138 ha (29TNG2668), entre os 390 m e os 485 m sobre o nivel do mar (OMA, 2007).

---

Facultade de Bioloxía, Campus Lagoas-Marcosende (E-36310. Vigo).

<sup>1</sup>e-mail: gabivacaloura@gmail.com; <sup>2</sup>e-mail: lcastro@uvigo.es